



O A L C A L D E

Pontevedra, 8 de xuño de 2017

Prezado presidente:

Como vostede ben sabe, a presenza das mulleres nas artes, na literatura e na ciencia é, hoxe por hoxe, escasa e pouco visíbel pola relación de desigualdade que leva sentada milenios da man da cultura patriarcal dominante. Só na política se teñen dado avances coa obriga de incorporar ás mulleres nas listas electorais e, grazas a iso, cando hoxe abrimos un xornal podemos ver a algunha muller protagonizando unha nova en roles diferentes aos clásicos machistas de beleza, compañía ou coidados. Así mesmo, somos conscientes da necesidade de continuar a dar pasos para avanzar no camiño á igualdade.

É por este motivo polo que, como alcalde, decidín sumarme á proposta que levan adiante as Concellarías de Educación, Igualdade e Normalización Lingüística do meu Concello, da man de Polo Correo do Vento, colectivo especializado en actividades lúdicas dirixidas ao público máis novo, promovendo a lectura, a creatividade e a comprensión oral en galego, co obxectivo de concienciar á poboación e á propia Academia da importancia de nomear unha muller para a súa homenaxe no Día das Letras Galegas.

Agardamos teñan en consideración as propostas que lles achegamos, pois nos tempos que corren cómpre que o pobo galego una as súas forzas cara a unha maior visibilización das mulleres en todos os eidos, nomeadamente na cultura e na lingua, onde os referentes son sempre benvidos.

Atentamente,

**Miguel Anxo Fernández Lores**